



**Título:** *El nuevo desorden mundial*  
**Autor:** Tzvetan Todorov  
**Editorial:** Península/Atalaya, Barcelona, 2003  
**Núm. pp.:** 142  
**Tamaño:** 19,5 x 13

Hai acontecementos que pola súa transcendencia xeran múltiples informacións xornalísticas. Unha vez transcrito o tempo caen no esquecemento porque novos feitos chaman a atención. A propia opinión pública que os seguiu cun certo interese se vai paulatinamente afastando das súas implicacións e consecuencias.

Ante estas situacións, as análises e estudos máis profundos sobre estes feitos chegan demasiado tarde. Non é este o caso que nos leva a comentar este libro que acaba de ser editado co suxestivo título de *El nuevo desorden mundial*.

Trátase dunha reflexión político-filosófica sobre o acontecemento da guerra de Irak, cunhas consecuencias que aínda estamos a vivir. O seu autor é o escritor de orixe búlgara Tzvetan Todorov, afincado en Francia desde 1963. Actualmente é director de investigación do Centro Nacional de Investigación Científica de París.

O contexto do seu espazo profesional levouno a escribir múltiples traballos,

fundamentalmente ensaios. Asemade, a súa obra abarca outros temas máis específicos no campo da lingüística e da teoría literaria. Entre os seus últimos traballos traducidos destaca *Memoria del mal, tentación del bien* (2002).

Todorov, abraiado polo acontecemento da guerra en Irak, é un dos primeiros intelectuais que se lanzou a facer unha análise dunha situación que vai máis alá do feito conxuntural dunha guerra. Na súa opinión supón un xiro nas relacións políticas. O seu texto, xa que logo, trata de nos ofrecer dúas interpretacións interconectadas do acontecemento bélico en clave tanto filosófica como política.

Para o autor, máis alá do feito desastroso dun conflito armado, hai algo moito máis importante: o divorcio entre a opinión pública e a política gobernamental. Esta ruptura nunca se experimentara de forma tan evidente. Os grandes medios de comunicación, as enquisas de opinión, deixaron constancia deste feito.

Esa circunstancia lévao a analizar as diferencias entre democracia liberal e o neoconservadorismo norteamericano como ideoloxía básica que lanzou a idea e a estratexia da "guerra preventiva". A gran diferenza é que a democracia liberal se opón á tiranía, aínda que intenta combatela por medios distintos dos neofundamentalistas: denunciándoa publicamente, negándose a recoñecer a lexitimidade dos seus gobernos, marxinando os seus países do concerto das nacións ou recorrendo a calquera outra iniciativa diplomática, política ou económica.

Na súa opinión, cando é posible conseguir un mesmo obxectivo por dúas vías distintas —de forma rápida por medio da violencia ou de forma lenta sen recorrer a ela— é preferible optar pola lentitude xa que a "nobreza do fin non xustifica a vileza dos medios". Por outra parte, o que diferencia unha democracia dun Estado totalitario é que "as democracias recorren ás forzas armadas en lexítima defensa e os Estados totalitarios utilízanas para cambiar o resto do mundo". Estas reflexións filosófico-políticas serven para criticar o pensamento político que hoxe está presente no goberno norteamericano que considera que máis que "conservador" ou "neoconservador" é esencialmente "neofundamentalista". O seu fundamentalismo baséase na reivindicación dun "ben absoluto que queren impoñernos a todos". Son "neo" porque tal ben xa non se define en relación con Deus, senón cos valores da democracia liberal.

A partir destas consideracións o texto entra xa nunha dimensión máis política comentando as falsas razóns da guerra e,

sobre todo, facendo unha contundente alegación contra o concepto de guerra preventiva. Tal doutrina é deostada fortemente porque se cada país se dedicase a atacar os outros baseándose só en "impresións" estableceríase o camiño para unha guerra de todos contra todos.

Feitas estas consideracións, o autor realiza unha particular lectura crítica da "fragilidad del imperio" que se confirma como única potencia hexemónica tras a caída da Unión Soviética. Ó mesmo tempo non desaproveita a ocasión para criticar como tal "hegemonía" é un elemento de referencia para desatender determinados dereitos ou valores democráticos. Pola súa importancia destaca a drástica redución do pluralismo informativo que, na súa opinión, non era consecuencia dunha censura imposta polo goberno, senón máis ben dunha autocensura xustificada pola necesidade de apoiar as tropas.

Esta análise crítica da hexemonía é o punto de referencia para desligarse dos acontecementos políticos puntuais e, despois da denuncia, facer unha proposta política que transforme este dominio "único" que xerou unha "desorde mundial" na medida en que prescindiu do único referente aglutinante e democrático para dirimir os conflitos: Nacións Unidas.

O autor, home das dúas Europas (do Leste por nacemento e do Oeste pola súa residencia), propón como saída á situación actual o establecemento dunha "potencia tranquila europea" que teña como sinal de identidade, por unha parte, "a propia convivencia tranquila de tantos pobos nun espacio limitado", e por outra

parte "xerar unha relación estruturada dos nosos valores". Entre eles destaca os seguintes: a racionalidade como premisa tanto para o xurdimento da ciencia como para a democracia. Este valor opónse a escurantismo, superstición, pensamento máxico e manipulación. A continuación segue o valor da xustiza que se enfronta á existencia de privilexios e vantaxes e por iso fundamentará o valor da democracia, da liberdade individual e do laicismo.

Un valor que considera importante nestes momentos é a laicidade. Ser laico nestes intres non designa a ausencia ou rexeitamento dos aspectos relixiosos senón a súa separación entre diferentes ámbitos e, por conseguinte, a decisión de non impoñer pola forza os valores cristiáns que deben ser asumidos libremente. Este respecto implica o último valor que considera esencial: a tolerancia. Tal valor, nunha frase recollida de Habermas, "pode

converterse na marca dunha identidade común".

As páxinas desta obra serviron polo tanto para un triple obxectivo: reflexionar sobre a democracia liberal fronte ó neoconservadorismo, realizar unha crítica política á hexemonía norteamericana no tema da guerra de Irak cuxas consecuencias xeraron unha "desorde mundial". Finalmente, para limitar esta hexemonía parécelle moi necesario e urxente o desenvolvemento dunha Europa como 'potencia tranquila' baseada nuns valores esenciais para reconstruír unha nova orde mundial moito máis equilibrada e democrática.

Pola importancia das cuestións formuladas o texto podería ser moito máis amplo pero, precisamente, o que distingue un bo ensaísta é que se centra nos problemas básicos e preséntaos coa mellor claridade e argumentos. O lector intelixente xa tirará as súas conclusións.

*María del Carmen García Sánchez*  
 Instituto Rosalía de Castro  
 Santiago de Compostela

